

ACTUACIÓN EN CASO DE AVARÍA

Nun mundo perfecto, as cousas sempre funcionarían; nada se detería e sentiríámonos sempre contentos e seguros. No entanto, o mundo desgraciadamente non é perfecto.

Os vehículos, como calquera outra máquina, fallan e teñen avarías, o que normalmente supón que perdamos tempo e diñeiro, e que nos poñamos de mal humor.

Con todo, ante unha avaría non adoitamos darnos de conta de que tamén existe a posibilidade de sufrirmos un contratempo moito máis grave e que, a diferenza dos anteriores, pode non ter remedio: os accidentes.

En España prodúcense centenaes de atropelos e miles de colisións ao cabo do ano, por non tomar as precaucións necesarias cando se sofre unha avaría na estrada.

A continuación, explicaremosche o que debes facer para evitar estes accidentes.

SEMPRE, COMO REGRA XERAL

1) **Diríxete a un lugar seguro.** Procura non frear bruscamente e sinalizar a túa manobra, para evitar sorprender os demais condutores. Unha vez detido/a, acende as luces de emerxencia.



2) **Protéxete: fai que te vexan.** Antes de saíres do coche pon o chaleco, tanto se é de día como se é de noite, e toma as máximas precaucións. Se é necesario, dá instrucións ao resto de pasaxeiros para que saian polo lado da beiravía e se coloquen nun lugar seguro.

3) **Fai visible a situación.** Coloca os triángulos reflectores para advertires o resto dos condutores. Para iso, camiña cos triángulos reflectores diante do teu corpo e sitúa un deles 50 m antes da escena (conta cincuenta pasos longos); se a vía é de duplo sentido, pon outro 50 m por diante do vehículo. Colócaos de modo que os demais condutores poidan velos con facilidade.



4) **Avisa o teu servizo de asistencia na estrada.** Se non podes ou non sabes como solucionar a avaría, solicita axuda.

5) **Mantente nun lugar seguro.** Sempre que sexa posible, é moi importante que te sitúes detrás das barreiras de protección ou tan lonxe como sexa posible da estrada.



Doado, non? Pois agora ensinaremosche o que debes facer de forma particular en situacións tan cotiás como unha picada dunha roda, a rotura do parabrisas ou un fallo mecánico, mais tendo sempre en conta a regra xeral.

EN CASO DE PICADA DUNHA RODA

Se mentres conduces notas un comportamento extraño do teu vehículo porque unha das rodas perdeu presión, fai o seguinte:

- 1) Suxeita o volante con forza e non premas o freo.
- 2) Vira o volante se é necesario para manter a dirección do vehículo.
- 3) Levanta o pé do acelerador suavemente.
- 4) Cando reduces a velocidade, desprázate cara a un lugar seguro sinalizando a manobra.
- 5) Cambia a roda picada pola de reposto, pero só se podes facelo de forma segura.

EN CASO DE ROTURA DO PARABRISAS

Se mentres conduces sofres un impacto no parabrisas e rompe, fai o seguinte:

- 1) Reduce a velocidade sen frear bruscamente, xa que se vén algún coche detrás pode chocar contigo.
- 2) Tenta deterte sen entorpecer o tráfico nun lugar seguro. Sinaliza a manobra e acende as luces de emerxencia cando esteas detido/a.
- 3) Se o impacto é pequeno, continúa a marcha a unha velocidade reducida e leva a reparar o parabrisas canto antes. No caso de que o impacto impida a visibilidade, avisa o teu servizo de asistencia na estrada.

EN CASO DE FALLO MECÁNICO

Se notas que algo non funciona ben, soa algún ruído estraño, cheira a queimado ou sae fume do capó, fai o seguinte:

- 1) Tenta deter o vehículo nun lugar seguro, sinalizando a manobra.
- 2) Unha vez detido/a, apaga o motor e quita a chave do contacto.
- 3) Se sae fume ou lume do motor, non abras o capó. Afástate do vehículo e chama de inmediato ao 112.
- 4) Se contas cun extintor, súxeitao verticalmente e aplícao a través dos baixos e as aberturas de ventilación do motor.

Porque en caso de avaría, o máis importante é a túa seguridade e a dos demais.

E lembra

En España prodúcense centenares de atropelos e miles de colisións ao cabo do ano por non tomar as precaucións necesarias cando se sofre unha avaría na estrada.



© FREMAP
Ctra. de Pozuelo n.º 61
28220 Majadahonda (Madrid)

RECOMENDACIONES DE SEGURIDADE VIARIA: ACTUACIÓN EN CASO DE AVARÍA



FREMAP

*Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades
Profesionales de la Seguridad Social Número 61*

